

Vimianzo ♦ Zas ♦ Dumbría
Cabana de Bergantiños

MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

por Bergantiños e Terra de Soneira



O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

introdución

vimianzo ♦ zas ♦ dumbría ♦ cabana de bergantiños

A Costa da Morte atesoura un valioso patrimonio arqueolóxico megalítico: monumentos prehistóricos funerarios de terra e grandes pedras sen labrar para soterrar os mortos. Foron construídos polos pobos que habitaron estas terras entre o V e o II milenio antes da nosa era, isto é, entre o Neolítico e a Idade do Bronce. Eran enterramentos colectivos, como o panteón dun cemiterio e, en ocasións, estaban acompañados dun enxoval.

[O Neolítico é un período da prehistoria que abarca desde o V ao III milenio antes da nosa era. Só desta época, en Galicia hai constancia da existencia de ata 10000 monumentos funerarios prehistóricos. E na Costa da Morte inventariáronse uns 600 xacementos megalíticos, concentrándose unha gran parte en Vimianzo.]

A construción máis característica do megalitismo é a **anta** ou **dolmen**: unha estrutura erixida con grandes pedras. O habitual é que estivera composta por varias lousas verticais tapadas cunha horizontal formando a **cámara**, é dicir, o lugar destinado aos enterramentos. Esta cámara funeraria, con forma poligonal e xeralmente orientada ao leste, podía ter un **corredor** de entrada. Ademais, en ocasións, as paredes interiores da cámara e do corredor decorábanse con gravados e pinturas.

Sabías que.... os dolmens reciben outros nomes como anta, arca, arqueta, arquiña, arcapedriña, casa, caseta, casota, fornela, forno ou mina? E que as lousas que se colocan de pé formando a cámara e o corredor se chaman ortostatos, esteos ou chantas?

A anta ou dolmen cubríase cun montón de terra dando lugar a unha estrutura tumularia circular coñecida co nome de **mámoa**. As dimensións máis frecuentes que acadan estes túmulos oscilan entre os 15 e os 30 metros de diámetro. No referente á altura, a media é de 2,5 metros. Delimitando a mámoa construíase un **anel perimetral** de pedras, protexendo o montículo cunha capa exterior de coios para evitar a erosión: a **coiraza**.

Segundo as zonas, as mámoas adoitan ter outros nomes como medoña, meda, medorra, modia, modorra...

Debido á crenza popular de que as mámoas agochaban tesouros no seu interior, unha grande maioría foron espoliadas e danadas e as súas pedras reaproveitadas. Aínda así, moitas delas, debido ao seu tamaño e forma, son moi visibles e recoñecibles na paisaxe, chegando a converterse en fitos visuais moitas veces usados como lindes xeográficos ou marcos de propiedades.

Nos nosos días, é habitual ver dolmens parcial ou totalmente descubertos, pois os túmulos que os recubrían fóronse perdendo por mor da erosión, os espolios ou mesmo traballos forestais.

Grazas a este patrimonio arqueolóxico, que achega unha gran riqueza cultural, coñecemos a nosa historia e como foi a vida dos habitantes que nos precederon. Por iso, neste experiencia imos ver diferentes tumbas prehistóricas que quedan entre nós nas comarcas de Bergantiños e da Terra de Soneira. Imaxínadesvos como serían esas sepulturas? Farían algún rito de enterramento?



O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

por Bergantiños e Terra de Soneira

vimianzo ♦ zas ♦ dumbría ♦ cabana de bergantiños

información da experiencia

mapa

Punto de Inicio

Borneiro (Cabana de Bergantiños)

Punto Final

Berdoias (Vimianzo)

Duración da Experiencia

1 día

Distancia aprox.

40 quilómetros



percorrido

DOLMEN DE DOMBATE

• Cabana de Bergantiños



1

PEDRA CUBERTA

• Vimianzo



2

PEDRA MOURA

• Vimianzo



3

PEDRA DA LEBRE

• Vimianzo



4

ARCA DA PIOSA

• Zas



5

PEDRA DA ARCA DE REGOELLE

• Dumbria - Vimianzo




6

CASOTA DE FREÁNS

• Vimianzo



7



Unha cista é un enterramento megalítico individual de pequenas dimensións. Adoita estar formado por catro chantas e unha tampa.

Casota de Freáns

O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

por Bergantiños e Terra de Soneira

vimianzo ♦ zas ♦ dumbría ♦ cabana de bergantiños

O noso percorrido comeza no Concello de Cabana de Bergantiños visitando o **Dolmen de Dombate**, considerado como a catedral do megalitismo galego. Neste monumento, datado entre o ano 3800 e 2800 antes da nosa era, as escavacións constataron a existencia de dous túmulos superpostos. O máis recente acada os 24 metros de diámetro cunha cámara con sete ortostatos. No seu interior, destacan os gravados e as pinturas descubertas, converténdoo no dolmen máis importante e mellor conservado de Galicia. O túmulo máis antigo, de 10,5 metros de diámetro, tiña unha cámara con nove esteos, á que se accedía por unha entrada en pozo. O seu encanto e monumentalidade serviu de inspiración para composicións poéticas como as de Eduardo Pondal. E a súa importancia como patrimonio herdado do pasado para o futuro fixo que a Deputación da Coruña o mercara hai máis de catro décadas, en 1975.

Os seguintes megálitos atopámoslos no corazón da Terra de Soneira, no Concello de Vimianzo. A **Pedra Cuberta** sitúase no lugar do mesmo nome da parroquia de Treos. Trátase dun gran dolmen cunha lonxitude de 6,60 metros que en 1933 foi estudado por unha parella de arqueólogos alemáns. Georg e Vera Leisner atoparon pinturas no seu interior. Motivos ondulados negros e vermello sobre fondo branco que supuxeron o máis grande descubrimento ata o momento!

INFORMACIÓN SOBRE HORARIOS E VISITAS

www.dicoruna.es/patrimonio/dolmen-dombate

www.facebook.com/dolmendombate

cultura.concello@gmail.com

☎ 981 754 020 - 918 575 781 - 957 054 880



Sabías que... a palabra megálito procede dos termos gregos $\mu\epsilon\gamma\alpha$ - mega-, que significa "grande" e $\lambda\acute{\iota}\theta\omicron\varsigma$ - líthos, que significa pedra?



Dolmen de Dombate

Primeiro
Día



Dolmen de Dombate



Pedra Cuberta

O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

por Bergantiños e Terra de Soneira

vimianzo ♦ zas ♦ dumbría ♦ cabana de bergantiños

Antigamente, estes enterramentos asociábanse cos mouros e coas mouras. Seres míticos de gran beleza que habitaron entre esas misteriosas pedras, tendo agochado tesouros nelas e transportándoas na cabeza para construílos. Por iso, é frecuente ver denominacións con eses nomes, en masculino ou feminino, como o seguinte que imos visitar.

Está no lugar de Carnio, da mesma parroquia de Treos, e coñécese co nome de **Pedra Moura**. Sería unha loura moza quen a habitou? O dolmen data de entre o IV e o III milenio antes da nosa era. De menores dimensións que o anterior, acada os 4 metros de lonxitude presentando seis ortostatos na cámara e catro no corredor. E aínda que nunca foi escavado, conserva restos de pintura. Para verdes esta secreta tumba, desde a pista asfaltada continuade a pé polo camiño de terra uns 200 metros, e fixádevos á esquerda, debaixo dos cables do tendido eléctrico.

Seguindo na procura destes tesouros do tempo dos "mouros", moi próxima atopamos a **Pedra da Lebre**, en Serramo. Datada nunha época similar que a anterior, conserva cinco ortostatos coa tampa cobertoira desprazada do sitio e restos dun corredor curto. O dolmen fai de linde entre dúas fincas.

E sen deixarmos a parroquia de Serramo imos ata o lugar do Camareiro, desde onde accedemos á **Arca da Piosa**, situada no Concello de Zas, moi próxima ao lugar das Abellas da parroquia de Muíño. Para vela percorremos dous quilómetros por pistas de terra. Este monumental enterramento, tamén estudado por Georg e Vera Leisner, evócao o bardo Eduardo Pondal nun dos seus poemas de Queixumes dos Pinos. Sería esta a tumba do heroe Bandomil?

Despois deste paseo ata a Arca da Piosa, e coa inspiración dos evocadores versos pondalianos, faremos un merecido descanso en Baíñas. Neste lugar, segundo núcleo urbano do Concello de Vimianzo, atopamos varios establecementos hostaleiros e, ademais, está moi próximo ao seguinte dolmen que imos ver.

—Arca antiga da Piosa,
O vento q' he triste oir,
Funga nas esquivas uces,
Q' están o redor de ti;
E pasa antr' elas bruando,
Con un dorido gemir:
Debaixo das tuas antes,
'Stá o valente Bandomil...

Eduardo Pondal, *Queixumes dos Pinos*, 1886

A **Pedra da Arca**, tamén coñecida como Dolmen de Regoelle, de Baíñas ou Casa dos Mouros, sitúase entre Vimianzo e Dumbría. A cámara conserva seis dos sete ortostatos que tiña xunto coa tampa. E fixádevos no longo corredor, con catro esteos e dúas lousas de cubrición. Este monumento, estudado por Georg e Vera Leisner, está considerado por algúns autores como un dos máis grandes e mellor conservados de Galicia. Ademais, no seu interior posúe pinturas e gravados abstractos.

E seguindo o rastro destes míticos seres, a seguinte parada lévanos á Caseta dos Mouros ou **Casota de Freáns**. Desde o lugar de Berdoias, na parroquia vimiancesa do mesmo nome, daremos un paseo duns 700 metros para vela. Trátase dunha construción tardía do megalitismo, singular porque a súa estrutura carece de túmulo e de corredor. Por iso, dise que podería tratarse dun antecedente das cistas da Idade do Bronce. Durante anos serviu como refuxio de pastoreo. E imaxinades que conta a lenda? Pois que as pedras tróuxoas na cabeza unha muller voando mentres fiaba na roca!

E aquí remata o noso paseo. Pero se esta aventura arqueolóxica entre mouros e mouras foi do voso agrado e tendes gana de máis, convidámosvos a que visitedes os seguintes monumentos megalíticos.



Pedra Moura



Pedra Moura



Pedra da Lebre



Arca da Piosa



Pedra da Arca de Regoelle



Casota de Freáns

ପଦ୍ମାଦା



ଆର୍କେଓଲୋଜି



ପିଠି


O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

outros megálitos na Costa da Morte

vimianzo ♦ zas ♦ laxe ♦ malpica ♦ carballo ♦ mazaricos

información da experiencia

mapa

 Punto de Inicio


Vimianzo

 Punto Final

Mazaricos

 Duración da Experiencia

1 día



 percorrido

- ARCA DE RABÓS  1
• Vimianzo
- ARQUIÑA DE VILASECO  2
• Vimianzo
- MINA DE RECESINDES  3
• Vimianzo
- FORNELA DOS MOUROS  4
• Laxe
- PEDRA VIXÍA  5
• Zas
- PEDRA DA ARCA  6
• Malpica de Bergantiños
- PEDRA MOURA  7
• Carballo
- MINA DE PARXUBEIRA  8
• Mazaricos



Pedra Moura

O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

outros megálitos na Costa da Morte

vimianzo ♦ zas ♦ laxe ♦ malpica ♦ carballo ♦ mazaricos

A Arca de Rabós, no lugar do mesmo nome da parroquia vimiancesa de Baiñas. Está situada nun extenso campo de mámoas, é dicir, nunha necrópole megalítica. Deste dolmen só se conserva parte da tampa da cámara, soportada por dous esteos inclinados cara ao interior, e tres chantos verticais do corredor. Fixádevos ben, pois está ao fondo da finca do pé da estrada.

A **Arquiña de Vilaseco**, na parroquia vimiancesa de Castrelo. Con 37 metros de longo, é unha das mámoas máis grandes da comarca. O dolmen conserva catro ortostatos da cámara, un do corredor e a tampa, aínda que en 2014 sufriu algúns danos ao facer traballos forestais nunha das parcelas na que se atopa, pois como outros dos exemplos que vimos, fai de linde entre dúas fincas.

A **Mina de Recesindes**, na parroquia vimiancesa de Carantoña. Unha mámoa integrada nunha necrópole e que está algo estragada polas profanacións que sufriu. Aínda así, conserva seis dos ortostatos da cámara.

A **Fornela dos Mouros**, na parroquia de San Simón de Nande do Concello de Laxe. Coñecida tamén co nome de Dolmen de Aprazaduiro, por ser o lugar no que se atopa. Trátase dunha anta composta por tres ortostatos que soportan unha lousa en posición horizontal. A súa tipoloxía sitúanos nun momento final do megalitismo (ca. 2500 - 2000 antes da nosa era).



Arca de Rabós



Arca de Rabós



Arquiña de Vilaseco



Mina de Recesindes



Fornela dos Mouros

O MEGALITISMO NA COSTA DA MORTE

outros megálitos na Costa da Morte

vimianzo ♦ zas ♦ laxe ♦ malpica ♦ carballo ♦ mazaricos



Pedra da Arca

A Pedra Vixia, no Concello de Zas. Malia que se trata dun dolmen bastante deteriorado, conserva fragmentos da tapa xunto con sete lousas da cámara, aínda que algo desprazadas. Moi próxima hai unha área recreativa, emprazada no sitio no que houbo un antigo serradoiro.

A **Pedra da Arca**, na parroquia de Cerqueda de Malpica de Bergantiños. Forma parte dunha necrópole tumularia na que tamén está o dolmen da Pedra da Mina e tres mámoas.

A **Pedra Moura**, no lugar e parroquia de Aldemunde de Carballo. Presenta a cuberta desprazada e apoiada sobre dous dos ortostatos e varias pedras do corredor.

A **Mina da Parxubeira** ou Dolmen de Corveira, na parroquia de San Fins de Eirón de Mazaricos. Datado entre o IV e o III milenio antes da nosa era. Consta dunha planta poligonal e dun corredor curto orientado ao leste. Nas escavacións levadas a cabo entre 1977 e 1983, atopáronse restos cerámicos, estelas antropomórficas e ídolos que están no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.



Pedra Vixia



Pedra da Arca



Pedra Moura



Mina da Parxubeira



Imaxe da Portada

Pedra da Arca

Imaxe da Contraportada

Mina da Parxubeira